



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 202000008096

RESOLUCIÓN Nº 32464 DO 22/10/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2020-ÁREA DE MÚSICA

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26280, do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2020-Área de música e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

- * Con data 13/09/2020 **Martín Otero Ferreira** achega dous certificados de premios que non puideron ser presentados anteriormente. No obstante, non se poden valorar méritos que non se acreditan documentalmente coa solicitude polo que non poden terse en conta para a súa valoración.
- * Con data 14/09/2020 **Aída Saco Beiroa** presenta un escrito para ampliar o seu proxecto, no que engade unha estancia no Codarts Rotterdam.
- * Con data 09/09/2020 **Marta Cabañero Filgueira** presenta un escrito indicando que cursará sus estudios na Staatliche Hochschule für Musik und Darstellende Kunst en Stuttgart, opción que xa indicaba no seu proxecto.
- * Con data 20/09/2020 **Clara de Soto Paz** presentou un escrito desistindo da súa solicitude da bolsa, que tiña adxudicada de xeito provisional, polo que a bolsa se adxudica á primeira suplente, **Lucía Quintero Socías**.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

- 1.- **Desestimar** as alegacións presentadas por **Martín Otero Ferreira**.
- 2.- **Aceptar** a ampliación do proxecto de **Aída Saco Beiroa** e a modificación do proxecto de estudos de **Marta Cabañero Filgueira**.
- 3.- **Aceptar** a desistencia da solicitude presentada por **Clara Soto Paz**.

4.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: CABAÑERO FILGUEIRA, MARTA

NIF:***3570**

Expediente: 2020000020343

Obxecto da bolsa: Último ano do ciclo Superior na Staatliche Hochschule für Musik und Darstellende Kunst en Stuttgart

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: IGLESIAS LISTA, MIGUEL

NIF: ***5862**

Expediente: 2020000019704

Obxecto da bolsa: Primeiro ano de Superior de Piano no Conservatorium Van Amsterdam

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: IONESCU IONESCU, TÓMAS

NIF: ***8445**

Expediente: 2020000020018

Obxecto da bolsa: Estudos superiores de música no Hochschule für Musik und Tanz Köln Standort Wuppertal , Colonia

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: OTERO BARREIROS, JORGE

NIF: ***3007**

Expediente: 2020000025064

Obxecto da bolsa: Master Training for Orchestral Instrument. no Royal Antwerp Conservatory, Amberes

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: PENA MONTES, ZAIRA

NIF: ***1831**

Expediente: 2020000020309

Obxecto da bolsa: Licenciatura Música no Musikhochschule Saarbrücken/ Lübeck, Alemania

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: QUINTEIRO SOCÍAS, LUCÍA

NIF: ***3114**

Expediente: 2020000020137

Obxecto da bolsa: : Master Orquestal en HEM Haute École de Musique de Genève, Suiza.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: RÓDRIGUEZ CANOSA, CAROLINA

NIF: ***3508**

Expediente: 2020000019950

Obxecto da bolsa: Konzertexamen co profesor Philippe Tondre en Hochschule für Musik Saar (Saarbrücken)

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: SACO BEIROA, AIDA

NIF: ***9349**

Expediente: 2020000019620

Obxecto da bolsa: Diploma Superior Schola Cantorum de Paris e Terceiro Curso do Grao Superior no Conservatori del Liceu de Barcelona e estancia no Codarts Rotterdam

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: SMEU, PETRE ABRAHAM

NIE:****6493*

Expediente: 2020000017670

Obxecto da bolsa: Estudos musicais (violín) en Hochschule Für Musik Saar, Saarbrucken, Alemania

Importe da bolsa: 9.000 €

5.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018501, por importe total de 81.000 €

6.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Rozas Ramallal, Silvia

Suplente 2: Otero Ferreira, Martín

Suplente 3: López Jorge, Luis

Suplente 4: Vaamonde López, David

7.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.